





## DESCRIPCIÓN DA RUTA

Sendeiro que transcorre entre os Castelos que franquean a Ría pola marxe ferrolana, puidéndose visitar tanto o de San Felipe, acondicionado para a visita e o de San Carlos, que se atopa en peor estado pero tamén é visitable.

Ó camiño é usado por pescadores e dende o mesmo pódense ver os barcos como entran e saen da ría. Pódese chegar á aldea de San Cristovo e dende alí, si se quere, continuar ata o que queda do Castelo de San Critobo seguindo as marcas do camiño do Clube de Montaña en vermello e branco.